

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.1. Organización e normas de funcionamento da Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 3 de marzo de 2023, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas en relación co proceso selectivo para ingresar, por promoción interna, en dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia.

Transcorrido o prazo para formular alegacións á relación de admitidos e excluídos para participar no proceso selectivo para o ingreso, por promoción interna, en dúas prazas do corpo de xestión do Parlamento de Galicia, aprobada por Resolución da Presidencia, do 2 de febreiro de 2023 e publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 449 do 6 de febreiro de 2023, ao abeiro do establecido na base cuarta, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,

RESOLVO:

PRIMEIRO. Aprobar a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, segundo figura no anexo a esta resolución.

SEGUNDO. Nomear membros do tribunal cualificador que actuará no proceso selectivo as persoas que figuran a continuación:

— Tribunal titular:

Presidente: Carolina Costoya Pardo (interventora PG)

Secretario: José Ramón de la Fuente Rodríguez (técnico de Xestión Administrativa PG)



Vogal 1: Carmen Fernández Dasilva (viceinterventora PG)
Vogal 2: David González Alonso (técnico superior de Persoal e Réxime Interior PG)
Vogal 3: Margarita Fernández Sobrino (A1 Funcionaria con habilitación de carácter nacional).

— Tribunal suplente:

Presidenta: Raquel Rodríguez Carro (letrada PG)
Secretario: Martín Nercellas Méndez (técnico superior de Réxime Interior PG)
Vocal 1: Belén Rodríguez Tourón (A1 Funcionaria con habilitación de carácter nacional)
Vocal 2: Javier Freire González (Xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior PG)
Vocal 3: Santiago González Prado (A1 Funcionario con habilitación de carácter nacional)

TERCEIRO. Ordenar a publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e mais na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente do Parlamento de Galicia

ANEXO

A) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	FERNÁNDEZ ANDRADE, MANUEL	***0741**
2	MARZOA VÁZQUEZ, MARÍA DEL PILAR	***8497**

B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSA DE EXCLUSIÓN:

Non constan persoas excluídas.

